

I Xornada de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade



O pasado mes de abril, 90 mestres e 41 pais participaron nunhas xornadas sobre educación, que pretendían formar e sensibilizar a toda a comunidade educativa en torno ás novas realidades dunha escola, cuxa finalidade é que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas potencialidades, tendo en conta que todos somos diferentes.

(Podedes consultar os temas tratados no noso blog).

RECOLLIDA DE LIBROS

en colaboración coa

Cruz Vermella



Como xa fixemos o curso pasado, a finais de xuño abriremos un período de tempo para depositar os libros de texto que xa non necesitedes no colexio, para doarlos aos nenos máis desfavorecidos a través da Cruz Vermella.

Grazas de novo pola vosa colaboración

Exhibición fin de curso

Especialmente recomendado para familiares e amigos

SÁBADO, 2 de Xuño (de 16:00 a 20:30),



Na sala de usos múltiples / salón de actos do colexio

16:00 Teatro
16:40 Baile
16:50 Banda de Música

No pavillón do colexio

17:15 Psicomotricidade
17:30 Atletismo
17:45 Fútbol (4-6 anos)
18:00 Tiro con arco
18:15 .. Fútbol (7-12 anos)
18:30 Patinaxe
18:45 Baloncesto
19:00 Karate
19:30 Ximnasia Rítmica

10º Torneo Interaulas 2012

(no pavillón do colexio)

SÁBADO, 9 de Xuño (de 10:00 a 14:00),

O torneo interaulas chega á súa 10ª edición. Baseados nestes anos de experiencia, este ano apóstase por un torneo diferente. Fútbol sala, baloncesto, bádminton e tenis de mesa deixan paso a unha única competición multideporte, que constará de varias probas: lanzamento de peso, lanzamentos de precisión, (tiros a porta e tiros a canastra), salto de lonxitude, circuíto de habilidade con balón e carreira de resistencia.

Poderán participar tódolos nenos e nenas que cursen E. Primaria no colexio, os cales competirán a título individual en diferentes categorías. O único requisito é que estean apuntados no listado elaborado polo seu titor, antes do 22 de maio.

Animámosvos a que disfrutes deste día cos vosos fillos/as e co resto da familia.



Asemblea ANPA

martes 29 de maio

ás 19:00

(2ª convocatoria)

ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: anpabrigantium

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

Situación aulas prefabricadas (barracóns) curso 2012-2013



Dada a situación actual do colexio e tendo en conta a previsión de matrícula cara o curso 2012-2103, a xunta directiva desta ANPA, xunto co Concello de Betanzos e a Dirección do colexio veñen de chegar a un acordo co Xefe Territorial da Consellería de Educación polo que a cambio de non instalar os barracóns no patio do colexio, durante este curso 2012-2013 e asumir, excepcionalmente, unha ratio superior á legal, a Xunta de Galicia comprométese a facer novas inversións no edificio actual de primaria, así como dotalo de máis materiais.

Por este acordo, a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Betanzos:

- Renovará todos os aseos do edificio de primaria, os cales viñan sendo motivo de queixa por parte dos pais nos últimos anos.
- Aumentará a aportación de encerados dixitais e ordenadores
- Enviará mobiliario novo tanto para comedor como para outras dependencias
- Remodelará o salón de actos.

Na asemblea do martes 29, daremos, polo miúdo, tódolos detalles sobre este tema.

ASEMBLEA ANPA Brigantium

Martes, 29 de maio de 2012

Primeira convocatoria⁽¹⁾: 18:30

Segunda convocatoria⁽²⁾: 19:00

Lugar **Salón de actos do colexio**

- Aprobación da acta anterior, se procede (*acta dispoñible no blog e no taboleiro do ANPA na porta principal do colexio*)
- Balance estado de contas.
- Xestión do Comedor e Madrugadores. Reparto axudas
- Axendas escolares.
- Información sobre o curso 2011-2012
- Situación colexio novo de infantil.
- Situación aumento de matrícula 2012-2013
- Actividades Extraescolares
- Reorganización da xunta directiva 2012-2013. Altas e baixas.
- Suxestións e preguntas.

⁽¹⁾ **Primeira convocatoria:**
Dará comezo a asemblea se asisten a ela a maioría dos asociados.

⁽²⁾ **Segunda convocatoria:**
Dará comezo a asemblea, calquera que sexa o número de asociados presentes.

A asemblea está dirixida non só a tódolos socios do ANPA, senón tamén a tódalas nais/pais/titores cuxos fillos/fillas cursen estudos no CEIP Fco. Vales Villamarín e estean interesados en coñecer o funcionamento desta Asociación de Nais e Pais.

Máis demoras na construción do Colexio de Infantil

A xunta directiva da ANPA insta, mediante carta aos responsables de educación da Xunta de Galicia, a manter unha reunión que desminta as novas saídas na prensa, onde se fala dunha nova demora na construción do colexio de infantil.

Sabemos por voz do Conselleiro de Educación e do propio Presidente da Xunta de Galicia do interese en construír este colexio, pero o que dubidamos, cada vez máis é de que sexan conscientes da necesidade imperiosa de construílo canto antes. A situación económica actual non debe ser excusa para librar a este colexio do seu estado de masificación e conseguinte deterioro educativo.



Terreos onde algún día se ubicará o colexio de infantil

Estamos completamente de acordo cos responsables do Concello de Betanzos cando din que este aprazamento é un agravio para todos os betanceiros, tendo en conta que levamos anos esperando a construción do colexio

